



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 11 de xullo de 2025, tomou o seguinte acordo en relación coas reclamacións presentadas na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/3004

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Construcións Arquitectónicas

Departamento: Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívís e Aeronáuticas

Centro: ETS de Arquitectura

Tras analizar a documentación da praza 25/3004, as reclamacións presentadas por Dona Inmaculada Bote Alonso, Dona Carolina Martínez García e Don Roberto Rodríguez Álvaro e os informes emitidos pola Comisión de selección, a Comisión de reclamacións, sinala:

_o criterio de afinidade contemplado na Normativa pola que se regula o procedemento para a selección do persoal docente e investigador da UDC (aprobada polo Consello de goberno con data 7 de novembro de 2024) está referido unicamente á relación doutras áreas coa área de coñecemento da praza obxecto de concurso

_a sección III (Experiencia investigadora, de transferencia e divulgación), punto 1, da citada Normativa só permite valorar as publicacións científicas

_a sección III (Experiencia investigadora, de transferencia e divulgación), punto 3, da citada Normativa establece a forma en que deben ser valorados os contratos predoutorais

Por todo o anterior, a Comisión de reclamacións ACORDA solicitar da Comisión de selección:

_que proceda a aplicar o criterio de afinidade unicamente no sentido contemplado especificamente na Normativa pola que se regula o procedemento para a selección do persoal docente e investigador da UDC (aprobada polo Consello de goberno con data 7 de novembro de 2024) sen introducir criterios adicionais

_que realice a valoración de calquera docencia na área de coñecemento da praza obxecto do concurso co máximo coeficiente, sen introducir criterios adicionais que contraveñen o contemplado na Normativa

_que valore só as publicacións científicas, e non manuais técnicos e/ou docentes, conforme ao establecido na Normativa para o apartado III.1

_que valore os contratos predoutorais conforme ao establecido na Normativa, sen introducir criterios adicionais

_facer público este acordo

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado
Teresa López Fernández